

CONCELLO DA LARACHA

**SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 20 DE NOVEMBRO
DO ANO DOUS MIL QUINCE**

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as trece horas e corenta minutos do d3a 20 de novembro do ano dous mil quince, baixo a Presidencia do sr. alcalde, Jos3 Manuel L3pez Varela e, coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, re3nese o Pleno da Corporaci3n para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n extraordinaria convocada para este d3a.

PRESIDENTE

JOS3 MANUEL L3PEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo pol3tico municipal P.P.

JOS3 RAM3N MART3NEZ BARBEITO

JES3S SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOS3 ALBERTO BLANCO VEIGA

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MAR3A DEL ROC3O L3PEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOL3N

ANA BEL3N RODR3GUEZ VILAS

Grupo pol3tico municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MU3NIZ

CAROLINA CASTI3NEIRAS BRAND3N

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑON

Asiste como secretario, o secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora accidental da Corporación, Sonia Corral Corral.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

O sr. alcalde pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular á acta da sesión ordinaria do 25 de setembro de 2015.

Non sendo formulada ningunha obxección, a acta é sometida a votación, quedando *aprobada* por *unanimidade dos membros presentes*.

2.- PRÓRROGA DO III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DA LARACHA.-

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, en relación co presente asunto, onde se deu conta do informe da Directora do Centro de Información á Muller do Concello no que sinala que o III Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello da Laracha (2011-2015), redactado ao

abeiro do art. 33 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes e da Resolución do 5 de abril de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do Pleno celebrada o 30 de novembro de 2011 cunha vixencia de 4 anos, como se deduce da súa propia denominación, polo que próximo o remate da súa vixencia valora a necesidade de prorrogar dous anos (remate do ano 2017) o citado Plan porque: unha boa parte dos obxectivos previstos no Plan son moi amplos así como as actuacións que se derivan deles, polo que realizar un novo Plan suporía ter que marcar obxectivos similares nalgúns áreas de actuación; que o III Plan de Igualdade ten aínda percorrido suficiente para poder desenvolver actuacións diversas que poden complementarse coas propostas no VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes (2013-2015) e co Plan Estratégico de Igualdad de Oportunidades (2014-2016); e que a elaboración do Plan de Igualdade lévase a cabo a través das axudas que convocaba anualmente a Secretaría Xeral da Igualdade para a promoción da igualdade, convocatoria na que, segundo anuncio da citada Secretaría Xeral, é previsible que non se contemplan nos vindeiros anos axudas para a elaboración de Plans de Igualdade.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta ***por unanimidade dos membros presentes***, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Prorrogar o III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello da Laracha (2011-2015) aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do Pleno celebrada o 30 de novembro de 2011, ata o ano 2017.

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo á Secretaría Xeral de Igualdade (SGI) para o seu coñecemento e efectos.

3.- TERCEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2015.-

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, en relación co presente asunto, onde se deu conta do expediente formado en relación co asunto do epígrafe no que consta:

1º.- Circular da Deputación Provincial da Coruña comunicando a aprobación inicial, polo Pleno da Deputación Provincial en sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2015, da Terceira Fase do Plan de Travesías da Anualidade 2015, integrada, entre outras, pola obra “Mellora da Seguridade Vial na DP 0514 entre Xermaña e Caión (A Laracha)”, e remitindo un exemplar do proxecto técnico ao fin de que, de conformidade coa base 3ª.2 das Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de Travesías 2012-2015, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión do 26 de outubro de 2012 (BOP nº 217 do 14/11/2012), o concello remita a documentación sinalada na mesma no prazo de 40 días naturais contados desde a recepción do proxecto (o 14 de outubro de 2015, rexistro de entrada nº 6197).

2º.- Informe da arquitecta técnica municipal en relación co proxecto técnico do 16 de abril de 2015, no que advirte a necesidade de obter o informe favorable requirido no art. 51.3 do Plan de Ordenación do Litoral –POL- (aprobado por Decreto 20/2011, do 10 de febreiro), do Instituto de Estudos do Territorio, órgano competente en materia de paisaxe, para o caso de usos compatibles co POL, como no presente proxecto, segundo os artigos 54.2, 59 e 58.2 do POL.

3º.- Informe do secretario da Corporación no que sinala que a aprobación do proxecto polo Pleno da Corporación unicamente tería efectos de cara ao cumprimento das Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de Travesías 2012-2015, en tanto que:

- Das Bases que rexen o Plan de Travesías semella deducirse que se trata dunha obra municipal ao esixir: a aprobación do proxecto, e non o outorgamento de licenza urbanística; autorización á Deputación para executar as obras; compromiso de aceptar a entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, asumindo os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das

travesías.

- Non obstante o anterior, non se pode entender que o órgano competente para a aprobación do proxecto sexa o Pleno aos efectos da lexislación urbanística nin de contratación pública, xa que os artigos 195.2 e 198.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establecen que a competencia para o outorgamento de licenzas será quen determine a lexislación de réxime local e, para o caso de obras municipais será substituído o outorgamento da licenza pola aprobación do proxecto, sendo o competente para dita aprobación o órgano de contratación que, para unha obra do importe da que é obxecto este expediente, é o sr. alcalde, segundo o artigo 121 e a disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.
- De conformidade cos artigos 198.5 da da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e 121 e a disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, deberá o sr. alcalde mediante Resolución aproba-lo proxecto da obra “Mellora da Seguridade Vial na DP 0514 entre Xermaña e Caión (A Laracha)” incluída na Terceira Fase do Plan de Travesías da Anualidade 2015, cun orzamento de 307957,60 euros, unha vez obtido o informe favorable do art. 51.3 do Plan de Ordenación do Litoral (Decreto 20/2011, do 10 de febreiro), en tanto que non se poderá outorgar licenza, nin tampouco aprobar os proxectos sen ter obtido as autorizacións sectoriais segundo o artigo 196.5 da Lei 9/2002.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta ***por unanimidade dos membros presentes***, o seguinte **ACORDO**:

PRIMERO.- Aproba-lo proxecto da obra “Mellora da Seguridade Vial na DP 0514 entre Xermaña e Caión (A Laracha)” incluída na Terceira Fase do Plan de Travesías da Anualidade 2015, de conformidade coa base 3ª.2 B) das Bases de colaboración entre a Deputación

Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de Travesías 2012-2015.

SEGUNDO.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña para executar as obras de “Mellora da Seguridade Vial na DP 0514 entre Xermaña e Caión (A Laracha)” para ás que se conta con tódalas autorizacións e permisos necesarios para a súa execución, sen prexuízo do sinalado no informe do secretario da Corporación exposto nos antecedentes do presente acordo e no que se indicará no apartado terceiro.

TERCEIRO.- Comprometerse a abonar á Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo máximo de tres meses desde o requirimento da Deputación, todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a Deputación Provincial como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto na fase de prezo xusto determinado pola Deputación, como polo Xurado de Expropiación ou polos xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á Deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola Deputación por delegación do concello. A estes efectos o proxecto técnico aprobado na aprobación inicial contén unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias que ten carácter orientativo, xa que o concello comprométese a abonar o importe efectivo e real que finalmente deba abonarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

CUARTO.- Prestar conformidade á Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de Travesías 2012-2015, que rexen a Terceira Fase do Plan de Travesías da Anualidade 2015 .

QUINTO.- Comprometerse á aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, e á asumir os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

SEXTO.- Delegar no Alcalde-Presidente a formalización do correspondente convenio.

SÉTIMO.- Dar traslado do presente acordo á Sección de Plans Especiais do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial da Coruña, os efectos de entender completada a documentación a que se refire a base 3 das Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de Travesías 2012-2015, que rexen a Terceira Fase do Plan de Travesías da Anualidade 2015.

4.- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DA LARACHA, INCORPORANDO UN POSTO DE TRABALLO DE ANIMADOR/A CULTURAL.-

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, en relación co presente asunto, onde se deu conta do expediente formado en relación co asunto do epígrafe no que consta:

- Escrito da traballadora María Carmen Cambón Bello do 10 de novembro de 2014 (registro de entrada nº 5774) no que solicitou que polo concello da Laracha se iniciara “*expediente administrativo aos efectos da inclusión na relación de postos de traballo na miña condición de Animadora Cultural, con todas as consecuencias legais que implique a inclusión en dita RPT*”.
- Resolución do 27 de novembro de 2014 na que se declarou a non conveniencia de iniciar o procedemento de modificación da Relación de Postos de Traballo para a inclusión na mesma dun posto de traballo de animadora cultural con idénticas características as que desenvolve a traballadora María Carmen Cambón Bello ao abeiro do contrato de traballo asinado o 19 de decembro de 2005.
- Recurso de reposición de María Carmen Cambón Bello contra a Resolución desta Alcaldía

do 27 de novembro de 2014 aducindo os motivos xa expostos na petición inicial reiterando a súa condición de animadora cultural con contrato indefinido segundo sentenza da xurisdición social.

- Resolución do 22 de xaneiro de 2015 desestimando o recurso potestativo de reposición interposto por María Carmen Cambón Bello.
- Reclamación previa á vía laboral presentada por María Carmen Cambón Bello o 20 de febreiro de 2015 (registro de entrada nº 893) á vista dos procedementos administrativos denegatorios nos que reclamou a incorporación á Relación de Postos de Traballo do Concello do posto de traballo de Animadora Cultural que ela desempeña.
- Resolución da Alcaldía do 4 de marzo de 2015 desestimando a reclamación previa á vía xudicial laboral, presentada por María del Carmen Cambón Bello.
- Providencia da Alcaldía de 28 de outubro de 2015 na que manifesta que “sen prexuízo da legalidade das actuacións administrativas expostas, desde a entrada en vigor da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG nº 82 do 4 de maio)*, e concretamente do artigo 28 da mesma, cómpre reestudiar o asunto xa que, María Carmen Cambón Bello, segundo sentenza da sala do social do TSX de Galicia no recurso de suplicación 2289/2010 que trae causa dos autos 101/2010 do xulgado do social nº 5 da Coruña, foi readmitida “*no seu posto e condicións de traballo*”, o que se produciu o 17 de novembro de 2010, sentenza da que se infire, así como tamén da sentenza do xulgado do social nº 5 da que trae causa, “**o carácter indefinido da relación laboral**”.
- En tanto materia susceptible de información e/ou consulta cos representantes de persoal, déuselle traslado da proposta o 6 de novembro de 2015 (registros de saída nº 3407 e 3409), informando o 13 de novembro de 2015 que non teñen nada que obxectar á modificación.
- Informe do secretario da Corporación do 13 de novembro de 2015

O sr. Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, manifesta que vaise a abster como xa fixo na Comisión Informativa.

O sr. Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, manifesta que votarán a favor, que hai unha sentenza e que hai que aceptala.

O sr. Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do B.N.G., di que por suposto que votarán a favor, e que o goberno municipal toma a decisión de incluír o posto na RPT por forza, pola Lei do empregado público, pero que a traballadora xa o ten reclamado en varias ocasións. Sinala que agarda que a partir de agora modifiquen esta postura de “persecución” a esta traballadora, facendo un resumo dos asuntos xudiciais entre a traballadora e o concello.

O sr. alcalde manifesta que habería que falar largo e tendido do asunto pero que as reclamacións teñen toda a tramitación cos seus correspondentes informes e, agora, toca cumprir coa nova Lei do empregado público de Galicia. Remata o sr. alcalde dicíndolle ao sr. Sande que non comparte a súa exposición que ademais sabe que non é certa pero que prefire non estenderse.

O sr. Sande rebate que son feitos obxectivos e que hai dúas sentenzas ao que o sr. alcalde responde que os traballadores deben atender ao seu traballo.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta *por dezaseis (16) votos a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do P.P., dos Socialistas de Galicia-PSOE e do B.N.G.* e unha (1) abstención correspondente ao concelleiro do grupo político municipal Mixto, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello da Laracha, incorporando un posto de traballo de animador cultural, de conformidade coa valoración e descrición que constan no expediente da RPT do Concello da Laracha.

SEGUNDO.- Abrir un trámite de información pública de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os que os interesados poderán examinala e presentar alegacións, reclamacións ou suxestións ante o Pleno. A modificación da RPT considerarase definitivamente aprobada si durante o citado prazo non se presentaran reclamacións.

TERCEIRO.- Unha vez aprobada definitivamente, a Modificación da Relación de Postos de Traballo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

5.- MODIFICACIÓN DATA SESIÓN PLENO ORDINARIO MES DE NOVIEMBRE 2015.-

O sr. Alcalde comunica aos membros da Corporación de que entre os días 21 e 25 de novembro de 2015 deberá celebrarse unha sesión plenaria para elixir aos electores que formarán parte das mesas electorais nas vindeiras eleccións xerais a celebrar o 20 de decembro de 2015, polo que se propón trasladar a sesión ordinaria correspondente ao mes de novembro, segundo acordo do Pleno da Corporación do 19 de xuño de 2015.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, *por unanimidade dos membros presentes*, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Trasladar a data de celebración da sesión ordinaria do Pleno que tería que ter lugar o vindeiro venres 27 de novembro de 2015 ao 23 de novembro de 2015 ás 13:30 horas co motivo de non celebrar dúas sesións na mesma semana ao ter que celebrarse necesariamente sesión extraordinaria para elixir aos electores que formarán parte das mesas electorais nas vindeiras eleccións xerais a celebrar o 20 de decembro de 2015.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

6.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO AO PERÍODO LEGAL DE PAGO E AO PERÍODO MEDIO DE PAGO, CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2015.-

En cumprimento do sinalado no artigo 4.4 da *Lei 15/2010 do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais*, o secretario procede a dar conta do informe de intervención pertencente ao terceiro trimestre de 2015, que literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: Análise do Período legal de pago e do Período medio de pago no terceiro trimestre de 2015

Lexislación aplicable:

- *Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, en redacción dada pola Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación de la Lei 3/2004.*
- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, pola que se aproba o Texto Refundido de la Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e se modifica o Regulamento del Imposto sobre o Valor Engadido.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba el Regulamento de Contratos das Administracións Públicas.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais.*
- *Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego*
- *Lei 13/2014, de 14 de xullo, de transformación do Fondo para o Financiamento dos Pagos a Proveedores.*

- *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (LOEOSF)*
- *Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.*
- *Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.*
- *Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.*

Tendo en conta a lexislación anterior e en relación co asunto de referencia, Eduardo Mera Rico, Interventor do Concello da Laracha, INFORMA:

1.- RESPECTO AO PERÍODO LEGAL DE PAGO:

1.1.- Obxecto do informe

O artigo 4.3 da Lei 15/2010 indica que: “Os Tesoureiros ou, no seu defecto, os Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.

O contido do mencionado informe foi desenvolvido polo Ministerio de Economía e Facenda a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do mesmo. Al tal fin publicouse unha Guía para elaborar os informes, que foi actualizada no pasado mes de marzo de 2015, e de acordo coa cal dito informe conterá a seguinte información:

- a) Pagos realizados no trimestre*
- b) Intereses de demora pagados no trimestre*
- c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre*

Pois ben, nos apartados 1.3 e seguintes do presente informe será detallada a información

anterior.

1.2.-Prazos de pago a ter en conta

Segundo establecía o artigo 216.4 do Texto Refundido de la Lei de Contratos do Sector Público, “la Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días naturales siguientes a la fecha de expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato”. Debendo terse en conta o disposto na Disposición Transitoria Sexta do mesmo texto legal, que establece unha aplicación progresiva destes prazos: “El plazo de treinta días a que se refiere el apartado 4 del artículo 216 de esta Ley, se aplicará a partir del 1 de enero de 2013(...)”

Ademais, o 24 de febreiro de 2013 e o 16 de xullo de 2014, respectivamente, entraron en vigor o Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, e a Lei 13/2014, de 14 de xullo, de transformación do Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores, que modificaron dito precepto, que queda redactado como segue:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados”

Pois ben, ás facturas abonadas durante o período obxecto do presente informe (terceiro trimestre de 2015), ao ter todas elas data de rexistro de entrada no concello posterior ao 23 de febreiro de 2013, seralles de aplicación o prazo de trinta días dende a súa aprobación.

1.3.- Pagos realizados no trimestre/intereses de demora:

Neste punto recóllese, como anexo ao presente informe, o cadro titulado Pagos realizados no trimestre, coa estrutura esixida pola Guía do Ministerio de Facenda, resultante da aplicación informática que soporta a contabilidade municipal, acerca dos pagos das facturas que se levaron a cabo no segundo trimestre de 2015.

Como pode observarse, durante o período obxecto do presente informe excedeuse o prazo máximo de pago en 11 dos pagos realizados, resultando un período medio de pago durante o período de 28,02 días dende a data de recoñecemento das obrigas.

Tal e como recolle o cadro anexo titulado Intereses de demora pagados no período, non foi

abonada cantidade algunha en dito concepto durante o trimestre ao que fai referencia o informe.

1.4.- Pagos pendentes de realizar ao final do trimestre:

No cadro anexo titulado Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre inclúense as facturas que a data 30/09/2015 estaban pendentes de pagar, rexistradas no rexistro de facturas e agrupadas conforme á estrutura esixida pola Guía do Ministerio de Facenda.

Das facturas pendentes de pago ao final del trimestre, 2 atopábanse fora do prazo legal para ser pagadas, resultando un período medio do pendente de pagamento de 12,26 días dende o recoñecemento da obriga.

2.- RESPECTO AO PERIODO MEDIO DE PAGO:

2.1.- Obxecto do informe

O artigo 4 da LOEOSF regula o principio de sostenibilidade financeira, como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Enténdese que existe sostenibilidade da débeda comercial, cando o periodo medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.

En desenvolvemento dese precepto ditouse o Real decreto 635/2014, cuxo artigo 6.2 dispón que: “2. Las comunidades autónomas y las corporaciones locales remitirán al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y publicarán periódicamente, de acuerdo con lo que se prevea en la Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, la siguiente información relativa a su período medio de pago a proveedores referido, según corresponda, al mes o al trimestre anterior:

- a) El período medio de pago global a proveedores mensual o trimestral, según corresponda, y su serie histórica.*
- b) El período medio de pago mensual o trimestral, según corresponda, de cada entidad y su serie histórica.*
- c) La ratio mensual o trimestral, según corresponda, de operaciones pagadas de cada*

entidad y su serie histórica.

d) La ratio de operaciones pendientes de pago, mensual o trimestral, según corresponda, de cada entidad y su serie histórica.

La información se publicará en sus portales web siguiendo criterios homogéneos que permitan garantizar la accesibilidad y transparencia de la misma, para lo que el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas facilitará a las comunidades autónomas y corporaciones locales modelos tipo de publicación”.

De acuerdo con anterior, una vez realizado, a través de la aplicación informática de contabilidad Silcalwin, o cálculo del Período Medio de Pago, resultan los siguientes datos:

- Ratio de operaciones pagadas: -1,96 días
- Importe operaciones pagadas: 1.700.655,08 euros
- Ratio de operaciones pendientes de pago: -17,74 días
- Importe de operaciones pendientes de pago: 248.859,03 euros
- Período Medio de Pago Global: - 3,97 días

Por lo tanto, cumprese con principio de sostenibilidad financiera.

A Laracha, 14 de octubre de 2015

O Interventor

Eduardo Mera Rico

Concello de Laracha
Ejercicio: 2015

Trimestre: Tercero

Fecha Obtención 14/10/2015 09:52:04

Pagos realizados en el Trimestre

Pagos realizados en el Trimestre	Periodo medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados en el Trimestre			
		Dentro del período legal pago		Fuera período legal pago	
		Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	25,62	445	986.679,04	7	42.281,22
20- Arrendamientos y Cánones	26,65	9	9.758,38	0	

21- Reparación, Mantenimiento y conservación	33,86	104	92.127,63	3	23.937,06
22- Material, Suministro y Otros	24,55	332	884.793,03	4	10344,16
23- Indemnización por razón del servicio	0,00	0		0	
24- Gasto de Publicaciones	0,00	0		0	
26- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	0,00	0		0	
Inversiones reales	31,68	21	637.660,66	4	39.297,42
Otros Pagos realizados por operaciones comerciales	0,00	0		0	
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0,00	0		0	
TOTAL	28,02	466	1.624.339,70	11	81578,64

Concello de Laracha
Ejercicio: 2015

Trimestre: Tercero

Fecha Obtención 14/10/2015 09:52:15

Intereses de demora pagado en el período

Intereses de demora pagados en el trimestre	Intereses de demora pagado en el período	
	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	0	0,00
Inversiones reales	0	0,00
Otros Pagos realizados por operaciones comerciales	0	0,00
Pagos realizados Pendientes de Aplicar a Presupuesto	0	0,00
TOTAL	0	0,00

Concello de Laracha
Ejercicio: 2015

Trimestre: Tercero

Fecha Obtención 14/10/2015 09:52:25

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre	Periodo medio pago	Pendientes de pago al final del trimestre	
		Dentro del período legal pago a final de trimestre	Fuera período legal pago a final de trimestre

	(PMP) (días)	Nº Operaciones	Importe total	Nº Operaciones	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	24,97	13	58.606,16	2	4.547,96
20- Arrendamientos y Cánones	0,00	0		0	
21- Reparación, Mantenimiento y conservación	29,81	2	15.366,06	0	
22- Material, Suministro y Otros	23,41	11	43.240,10	2	4.547,96
23- Indemnización por razón del servicio	0,00	0		0	
24- Gasto de Publicaciones	0,00	0		0	
26- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	0,00	0		0	
Inversiones reales	6,45	5	98.906,74	0	
Otros Pagos realizados por operaciones comerciales	0,00	0		0	
Pendientes de aplicar a Presupuesto	9,64	15	86.798,17	0	
TOTAL	12,26	33	244.311,07	2	4.547,96

O sr. alcalde explica brevemente o contido do informe quedando os membros da Corporación asistentes á sesión, **enterados do informe** de intervención emitido en aplicación do establecido nos artigos 4 e 5 da *Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais*, correspondente ao terceiro trimestre de 2015.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e cincuenta minutos, da que estendo a presente acta, da que, como secretario, dou fe.

Vº e prace

O alcalde

José Manuel López Varela

O secretario

Miguel Iglesias Martínez